

**A N U N C I O**

A Corporación Municipal en sesión celebrada o 20 de maio de 2014 acordou:

- 1) A aprobación inicial da Ordenanza Municipal reguladora da Administración Electrónica do Concello de Ponteareas.
- 2) Someter o expediente a exposición pública polo plazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e susxerencias, mediante anuncio que se publicará no BOP e no taboleiro municipal.
- 3) No suposto de non formularse reclamacións entenderase aprobada definitivamente debendo publicarse o seu texto íntegro no BOP para os efectos da sua entrada en vigor. Se se produxeran reclamacións deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación.

Ponteareas, 30 de maio de 2014.—O Alcalde, Salvador González Solla.

**2014005141**

\* \* \*

**O PORRIÑO****A N U N C I O**

Rematado o período de exposición pública do acordo adoptado polo Pleno do Concello do Porriño en sesión ordinaria de data 27 de febreiro de dous mil catorce, sobre a aprobación inicial da supresión e derogación da “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.” sen que se presentaran reclamacións, procédese, consonte ó disposto no artigo 17 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, á publicación íntegra do texto da mesma:

*Primeiro.*—Aprobar provisionalmente a supresión da taxa e a derogación da ordenanza fiscal municipal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

*Segundo.*—Expor ó público mediante Edicto o acordo provisional, no taboleiro de anuncios deste concello polo período de 30 días, e publicar no Boletín Oficial da Provincia, e nun dos diarios de maior circulación da provincia, para que os que teñan a condición de interesados poidan presenta-las alegacións que estimen convenientes.

En caso de non presentarse reclamacións, este acordo provisional entenderase definitivo, procedéndose a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

*Terceiro.*—O citado acordo entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no B.O.P., sendo de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2014, xa que é a data en que comeza a aplicarse as ordenanzas fiscais aprobadas polo Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do louro.

O Porriño, 30 de maio de 2014.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

**2014005122****A N U N C I O**

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada entre outras pola Lei 4/1999 e tentadas as notificacións que de seguido se relacionan, na dirección indicada polo interesado e sen que fose posible practicalas, cítase ao interesado no prazo de dez días contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Pontevedra.

Tendo en conta o recollido no artigo 31 da citada Lei 30/1992, faise saber ao interesado que o textos íntegros dos actos que se lles notifican atópanse ao seu dispón nas dependencias do servizo de Tesourería,